

ANUNCIO

CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE 3 PEÓNS/OAS MEDIANTE O SISTEMA DE CONCURSO OPOSICIÓN PARA A REALIZACIÓN DO PLAN DE EMPREGO LOCAL 2026 MEDIANTE A EXECUCIÓN DE OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS

Expedientes: 2026/E001/000007, 2026/G003/000871

A resolución da alcaldía número 825/2026, de 25.06.2026 dispuxo aprobar as seguintes listas de aspirantes conforme á proposta do tribunal cualificador feita na acta do 12/06/2026:

Aprobados:

	APELIDOS E NOME	TOTAL
1	TRIGO ESMORIS, FRANCISCO JAVIER	19
2	SOUTO PRIETO, MANUEL	18
3	SÁNCHEZ LÓPEZ, CARLOS	17

Listaxe de agarda

	APELIDOS E NOME	TOTAL
1	FERNÁNDEZ MARTÍNEZ, VERÓNICA MARÍA	15
2	RIVERA RUBAL, JOSÉ LUIS	14
3	SÁNCHEZ DÍAZ, MARÍA DE LA LUZ	12

Así mesmo, acordouse requirir á Francisco Javier Trigo Esmoris, Manuel Souto Prieto e Carlos Sánchez López para que, no prazo improrrogable de 3 días naturais, a contar desde o día seguinte ao da publicación da presente resolución na páxina web do Concello presenten a seguinte documentación:

- Informe médico oficial no se que se faga constar que o/a aspirante reúne as condicións físicas suficientes para a realización das tarefas, ademais de non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o normal desenvolvemento das funcións propias do posto.
- Informe acreditativo da condición de demandante de emprego
- Copia tarxeta sanitaria.
- Acreditación documental da conta bancaria na que se farían os seus ingresos nominais.
- Declaración xurada de non ter sido separado/a ou despedido/a mediante expediente disciplinario do servizo do Estado, Comunidades Autónomas, Entidades Locais ou órganos constitucionais ou estatutarios das CC.AA, nin atoparse inhabilitado para o exercicio de emprego ou cargo público por resolución xudicial.
- Declaración xurada de non atoparse incurso/a en ningunha causa de incapacidade e incompatibilidade de conformidade coa lexislación vixente e referido ao momento da súa contratación.

Se no prazo indicado os aspirantes non presentan a documentación requirida ou o resultado do recoñecemento médico fose "non apto", procederase a requirir ó/á seguinte aspirante por orde, da listaxe de agarda.

Proceder á contratación, unha vez presentada a documentación requirida, de Francisco Javier Trigo Esmoris, Manuel Souto Prieto e Carlos Sánchez López como persoal laboral temporal para peóns a xornada completa por un período de 6 meses para a realización do Programa de integración laboral subvencionado pola Deputación provincial da Coruña.

Contra a presente resolución que pon fin á vía administrativa poderá interpoñerse potestativamente o RECURSO DE REPOSICIÓN ante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes, significándolle que se interpón o recurso de reposición non poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se teña producido a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

Transcorrido un mes dende a interposición do recurso potestativo de reposición sen que se lle teña notificado resolución expresa, entenderase desestimado por silencio administrativo e quedará expedita a vía contencioso-administrativa, podendo interpoñerse o recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado Contencioso-administrativo de Ferrol, no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da notificación da resolución expresa do recurso de reposición, ou no prazo de seis meses, contados desde o día seguinte ao de aquel no que se teña producido o acto presunto.

Non obstante, poderase impugnar directamente a resolución ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa. A tal efecto, poderase interpoñerse RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO, no prazo de dous meses, ante o Xulgado Contencioso-Administrativo de Ferrol, sen prexuízo de que se poida exercitar calquera outro recurso que se estime pertinente.

Os prazos cóntanse a partir do día seguinte á publicación desta resolución na páxina web do Concello.

En Fene, asinado dixitalmente na o 26.06.2026 pola alcaldesa Alejandra Permuy Meizoso